



(F_TOD_20)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE
TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE
CONSTRUCCIÓN, VALOS, PUNTAIS, CABALETES, ESTADAS
E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
29/11/2004	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	270	01/01/2005
13/11/2006	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2006
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
04/11/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaríanse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA.....	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS.....	3
ARTIGO -4-CONTÍA	3
ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN	4
ARTIGO -6- BENEFICIOS FISCAIS	4
ARTIGO -7- DEVEÑO DA TAXA E PAGAMENTO	4
DISPOSICIÓN ADICIONAL.....	5
DISPOSICIÓN FINAL	5

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

Dado o establecido nos Artigos 57 e 20.3 letra g) do R.D. Lexislativo 2 / 2004 de 5 marzo, e de conformidade co disposto nos Artigos 15 e 19 do mesmo texto legal, o Concello de Monforte establece a Taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, valos, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas.

ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial de terreos de uso público con:

- Mercadorías, materiais de construción, valos, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas.
- Muros de contención, o sostemento de terras, edificación ou cercas, definitivas ou provisionais en vías públicas locais.

ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o ARTIGO 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a favor das que se outorguen as concesións ou autorizacións ou as que se beneficien do aproveitamento.

ARTIGO -4-CONTÍA

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será:

CONCEPTO	€ / Día	€ / Mes	€ / Ano
1) Ocupación da vía pública con materias de construción, valos e similares por m ² e cando dita ocupación é inferior ou igual a seis meses			
En rúas pavimentadas	0,186	3,844	
En rúas sen pavimentar	0,084	1,922	
Ocupación con puntais, por unidade			
En rúas pavimentadas	0,108	1,146	
En rúas sen pavimentar	0,060	0,567	
Ocupación con cabaletes, por unidade			
En rúas pavimentadas	0,012	0,186	
En rúas sen pavimentar	0,012	0,104	
Ocupación con estadas, por m ²			
En rúas pavimentadas	0,069	1,540	
En rúas sen pavimentar	0,035	0,764	
2) Ocupación da vía pública con materiais de construción, valos e similares, por m ² e cando dita ocupación é superior a seis meses			
En rúas pavimentadas	0,382	7,654	76,552
En rúas sen pavimentar	0,186	3,832	37,668
3) Ocupación con puntais por unidade e cando dita ocupación é superior a seis meses			
En rúas pavimentadas	0,139	1,540	15,308
En rúas sen pavimentar	0,069	0,764	7,654
4) Ocupación con cabaletes, por unidade e cando a ocupación é superior a seis meses			
En rúas pavimentadas	0,012	0,243	1,540
En rúas sen pavimentar	0,012	0,144	0,764
5) Ocupación con estadas, por m ² e superior a seis meses			
En rúas pavimentadas	0,023	0,764	6,126
En rúas sen pavimentar	0,012	0,382	3,056
6) Cando a ocupación se realice con valos, a tarifa a aplicar será do 70% da establecida para a ocupación da vía pública con materiais de construción.			

- 7) Cando a ocupación de calquera dos parágrafos anteriores excede de 1,50 metros de longo ou ó longo da fachada, as tarifas a aplicar será a establecida nos puntos anteriores cun recargo do 100%.
- 8) No caso das solicitudes de construcións de obras aplicaranse as seguintes condicións co respecto a ocupación de vía pública liquidaranse tantos metros cadrados de ocupación como metros lineais de fachada á vía pública figuren no proxecto técnico, e para a duración da mesma, terase en conta os seguintes criterios:

Por planta baixa	3 meses
Por planta baixa e unha alta	4 meses
Por planta baixa e dúas alturas	5 meses
Por planta baixa e tres ou máis alturas	6 meses
Por ampliación dunha planta alta	3 meses
Por ampliación de dúas plantas altas	5 meses
- 9) As cotas tributarias resultantes de aplicar as tarifas sinaladas nos anteriores apartados deste ARTIGO non poderán ser inferiores a 6,00 €

ARTIGO -5- NORMAS DE XESTIÓN

1. Cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza se producisen desperfectos no pavimento ou instalacións da vía pública, os titulares das licencias ou os obrigados ó pagamento virán suxeitos ao reintegro total dos gastos de reconstrución e de reparación de tales desperfectos ou a reparar os danos causados que serán, en todo caso, independentes dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados.
2. As cantidades esixibles de acordo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.
3. As persoas interesadas nos aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente autorización ou concesión.
4. Se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, unha vez autorizada a ocupación, entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa.
5. A presentación de baixa producirá efectos dende o momento da presentación da mesma e o non presentar a baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

ARTIGO -6- BENEFICIOS FISCAIS

O Estado, a Comunidade Autónoma e as Entidades Locais non estarán obrigadas ao pagamento da taxa cando soliciten a mesma para proceder a utilización privativa ou aproveitamento especial necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou defensa nacional.

ARTIGO -7- DEVEÑO DA TAXA E PAGAMENTO

1. A taxa regulada nesta ordenanza deveñárase:
 - a) Si se trata de novos aproveitamentos na vía pública, no momento de solicitar a correspondente concesión ou autorización
 - b) Si se trata de aproveitamentos xa autorizados e ou prorrogados, o día primeiro de cada exercicio económico
 - c) Cando se produza o aproveitamento especial sen solicitar a concesión ou autorización, no momento do inicio do aproveitamento.
2. O pagamento da taxa realizarase:
 - a) Si se trata de novos aproveitamentos ou de aproveitamentos con duración limitada, mediante autoliquidación no momento da presentación da solicitude

- b) No caso de aproveitamentos xa autorizados e ou prorrogados unha vez incluídos nos padróns ou matrículas ingresarse a contía correspondente ao período anual. O Concello requirirá anualmente para o seu pagamento a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que, reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos .

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 29 de novembro de 2004 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 270 de 25 de novembro, entrando en vigor o día un de xaneiro de 2005.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 13 de novembro de 2006 e exposta no B.O.P de Lugo num. 297 de 29 de decembro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca